

OBRADOIROS

*de extensión
universitaria*

1.º cuatrimestre
2023/2024
Campus de Ourense



Arrancamos!

DESTINADOS Á CIDADANÍA EN XERAL E UNIVERSITARIOS/AS

MATRÍCULA: campusactivo.uvigo.gal
do 25 de setembro ao 5 de outubro de 2023

Área de Servizos á Comunidade
Unidade Administrativa
Campus Universitario de Ourense
T (+34) 988 387 102
asc-ou@uvigo.gal

Vicerreitoría do
Campus de Ourense
T (+34) 988 387 219
culturavicou@uvigo.es





Universidade de Vigo

Vicerreitoría do Campus de Ourense

INSCRICIÓNS E MATRÍCULA

A matrícula farase online ata cubrir prazas campusactivo.uvigo.gal
Prazo: do 25 de setembro ao 5 de outubro de 2023
Comunidade universitaria: 35 % de desconto no prezo da matrícula
Os cursos están recoñecidos con 1 crédito E.C.T.S. por cada 30 horas de traballo.

TAXAS

- 40 euros: para o público en xeral
- 26 euros: membros da comunidade universitaria da UVigo

As persoas pertencentes aos grupos determinados no acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xaneiro de 2023 sobre a consideración de persoa vencellada á universidade de Vigo en relación coas actividades de extensión universitaria: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/551> terán as seguintes reducións segundo ao grupo a que pertenczan:

- 32 euros: colectivo do grupo C (redución do 20 % sobre o prezo da matrícula)

Os cursos están recoñecidos con 1 crédito E.C.T.S. por cada 30 horas de traballo.

AULA DE TEATRO. NIVEL 1: ROSAURA

Inicio ao mundo do teatro de xeito ameno e creativo, nunha escola teatral de referencia no resto de universidades estatais.
Dirección: Sarabela teatro
Datas: do 26 de outubro ao 25 de xaneiro.
Xoves, de 19 a 22 h
Horas: 35
Número de prazas: 20
Lugar de celebración: aula de teatro do pavillón 1

AULA DE TEATRO. NIVEL 2: CORDELIA

Destinado a persoas que superaron o 1º nivel, Traballarás na creación do personaxe, coñecerás a dramaturxia e prepararás todos os elementos que rodean unha obra.
Dirección: Sarabela teatro
Datas: do 24 de outubro ao 23 de xaneiro.
Martes, de 19 a 22 h
Horas: 40
Número de prazas: 15
Lugar de celebración: aula de teatro do pavillón 1

AULA DE TEATRO. NIVEL 3: MARICASTAÑA

Irás adentrándote no universo que supón unha posta en escena, coñecendo os elementos técnicos e interpretativos sentindo a creación en grupo.
Dirección: Sarabela teatro
Datas: do 25 de outubro ao 24 de xaneiro
Luns e mércores de 19 a 22 h
Horas: 60
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: aula de teatro do pavillón 1
*** Presentación das aulas de teatro o mércores 18 de outubro ás 20 horas no pavillón 1 do campus. Nas aulas de teatro é necesario ter capacidade de memorización dos textos e dos movementos que se vaian creando nos ensaios de cara á posta en escea final.**

OBRADOIRO DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA: GAITA E PERCUSIÓN

O programa inclúe nocións da Música Patrimonial e Tradicional, técnicas de gaita, tipos de dixitación, estudo do repertorio, afinación, ornamentación, (percusión e combos instrumentais tradicionais).
Estes contidos, están enfocados tanto ao alumnado de iniciación como ao de perfeccionamento.
Dirección: Gonzalo Abelairas
Datas: do 19 de outubro ao 18 de xaneiro.
Xoves, de 18.30 a 21.30 h
Horas: 30
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: pavillón das asociacións

AULA DE DANZA CONTEMPORÁNEA

Dirixido a todas as persoas interesadas no traballo creativo a través do corpo e o movemento. Aportaranse ferramentas e técnicas de danza contemporánea como Release, Flying low, Gaga technique ou Body weather e traballárase a creación escénica e coreográfica.
Dirección: Nuria Sotelo
Datas: do 10 de outubro ao 20 de decembro
Martes e mércores de 19.30 a 21.00 horas
Horas: 30
Número de prazas: 12
Lugar de celebración: ludoteca do edificio de Facultades

NOVAS LINGUAXES E HABILIDADES MAKER PARA EDUCACIÓN

Un espazo para desenvolver habilidades Maker poñendo o foco no ámbito educativo. Un espazo para a reflexión e construción conxunta no que a tecnoloxía se convirte nun contexto para a mellora da práctica docente.
Dirección: Almudena Alonso Ferreiro
Datas: do 8 de novembro ao 13 de decembro.
Mércores, de 16 a 20 h
Horas: 22
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: aula 3.07 do edificio de Facultades

EDUCACIÓN A TRAVÉS DA DANZA E A EXPRESIÓN CORPORAL

Trátase dun obradoiro fundamentalmente práctico no que se otorgan ferramentas para abordar a educación a través do corpo. O obradoiro é de especial interés para profesionais de maxisterio, aínda que está dirixido ao público en xeral. Enfócase na creatividade, a culutra, o lecer, as emocións, as relacións sociais e a saúde, entre outras.
Dirección: Ana María Torrado Agrasar
Datas: do 10 de outubro ao 5 de decembro
Martes, de 16 a 19 h
Horas: 30
Número de prazas: 13
Lugar de celebración: aula de música do edificio de Facultades

ENTENDER A MÚSICA DENDE O CANTO

Este obradoiro diríxese a quen teña interese en entender a música dende a práctica e dende a voz e o corpo como primeiros instrumentos. Comezarase explorando as posibilidades da voz e o seu funcionamento para aprender a coidala para practicar e entender conceptos musicais básicos a partir do canto e con base no desfrute.
Dirección: Lucía Casal de la Fuente
Datas: do 9 de outubro ao 23 de xaneiro
Luns, de 16.30 a 18.30 h
Horas: 30
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: aula de música do edificio de Facultades

EDUCACIÓN NA NATUREZA

“É posible que a natureza entre na escola e permita crear situacións de aprendizaxe auténtico?”. Este obradoiro formulado dende as bases da experimentación e reflexión permitiranos responder a esta cuestión. As sesións pretenden aportar ferramentas que favorezan a creación de propostas para aplicar no ámbito familiar e escolar no contexto natural que nos rodea.
Dirección: María Fraga Corral
Datas: do 4 de novembro ao 15 de novembro.
Sábados, de 9 a 18.30 h, mércores, de 14.30 a 17.30 h e en liña de 16.30 a 20 h
Horas: 30
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: aula da natureza de Oira e laboratorio 12 do Pavillón 1

MINDFULNESS E BENESTAR

Unha disciplina relacionada co benestar integral que está en auxe desde hai máis de 3 décadas en moitos campos, desde a saúde mental ata a educación. Deseñado para iniciar a adultos nunha proposta que combina teoría e prácticas grupais e individuais.
Dirección: Stuart McNicholls
Datas: do 10 de outubro ao 28 de novembro
Martes, de 18.30 a 21 h e o sábado 24/11, de 10.30 a 17.30 h
Horas: 30
Número de prazas: 12
Lugar de celebración: seminario de inglés do pavillón 1

GRUPO DE CRECEMENTO PERSOAL E EMPODERAMENTO PARA MULLERES

Con este obradoiro preténdese acompañar e apoiar o crecemento persoal, e promover o empoderamiento/axencia das mulleres, utilizando o traballo en grupo para deconstruír os estereotipos cos que son heterodesignadas as mulleres nas sociedades patriarcais. Dirixido a todas as mulleres da comunidade universitaria, pero tamén serán benvidas mulleres alleas a comunidade universitaria.
Dirección: María Lameiras Fernández
Datas: do 11 de outubro ao 15 de decembro
Mércores, de 18.30 a 21 h (15/10 de 16 a 20.30 h)
Horas: 30
Número de prazas: 10
Lugar de celebración: salón de graos do edificio de Facultades

FERRAMENTAS DE DINAMIZACIÓN E PARTICIPACIÓN COMUNITARIA: SAÚDE E BENESTAR. REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES

Tratase dun obradoiro participativo no que se mostran ferramentas e habilidades para exercer un liderado efectivo na promoción da saúde. Pon o seu foco na dinamización, na participación comunitaria e na redución de desigualdades. De especial interese para estudantes e profesionais da área sociosanitaria, asociacións, ONGs e persoas da comunidade interesadas na saúde propia e das súas comunidades.
Dirección: Carmen Verde Diego
Datas: do 16 ao 30 de outubro
Luns, martes e mércores, de 16 a 20 h
Horas: 30
Número de prazas: 12
Lugar de celebración: edificio de Facultades

FOTOGRAFÍA. NOVAS FERRAMENTAS PARA CONTAR A TRAVÉS DAS IMAXES

A fotografía atópase nun período de cambios coa chegada das novas plataformas. O curso básico de OIIO supón unha inmersión na fotografía, cunha base teórica e práctica, aplicada aos tempos actuais. Un achegamento á iniciación na fotografía para construír proxectos que contén historias, edición fotográfica, incorporación do vídeo, fotografía con dron...
Imparte colectivo OIIO: Agostiño Iglesias, Vanessa Casteleiro e Brais Lorenzo
Dirección: Brais Lorenzo Couto
Datas: do 19 de outubro ao 21 de decembro
Xoves, de 16 a 19.30 h
Horas: 31,5
Número de prazas: 15
Lugar de celebración: seminario S.4 do pavillón 1